

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

PROPOSTA A PLENO**Expediente: 2025/G006/000258 (Expte relacionado 2025/X999/000544)**

Tendo en conta que o pleno da Deputación provincial de A Coruña, na sesión plenaria de data 31 de maio de 2024, aprobou inicialmente a modificación das Bases para a prestación de servizos tributarios co obxecto de novas facultades que poden ser delegadas polos Concellos da provincia. Dito acordo quedou elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº 172 de 6 de setembro de 2024.

A modificación das bases posibilita á asunción por parte da Deputación da inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos

Vistos os informes que obran no expediente e atendendo ao disposto no artigo 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local (LRBRL) que establece:

“3. É competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que podan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas o co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado”.

Visto o artigo 7. apartado 1º e 2º do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Local (TRLRFL) determina:

1. De conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as entidades locais poderán delegar na comunidade autónoma ou noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que esta lei atribúelles.

Así mesmo, as entidades locais poderán delegar na comunidade autónoma ou noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos restantes ingresos de Dereito público que lles correspondan.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O

Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

2. O acordo que adopte o Pleno da corporación haberá de fixar o alcance e contido da referida delegación e publicarse, unha vez aceptada polo órgano correspondente de goberno, referido sempre ao Pleno, no suposto de Entidades Locais en cuxo territorio estean integradas nos "Boletíns Oficiais da Provincia e da Comunidade Autónoma", para xeral coñecemento.

Así unha vez que existe a posibilidade de asunción por parte da Deputación de esta inspección e da recadación das liquidacións derivadas de dita inspección así como o exercicio da potestade sancionadora das infraccións, e co obxecto de que o Concello sexa beneficiario desa posibilidade,

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto nos citados artigos 106.3 da LRBRL e 7 do TRLRFL, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1) Delegar na Deputación Provincial da Coruña a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), así como da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras e o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos
- 2) Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

En Betanzos, na data da sinatura dixital.

O Concelleiro Delegado de Economía e Facenda

Diego Fernández López